



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO **DE DATA DO 10/05/2016**

Alcalde – Presidente:

Don Enrique Álvarez Barreiro (PSOE)

Concelleiros asistentes:

Dona Amparo Rodríguez Fernández (PSOE)

Don Manuel Sánchez Arias (PSOE)

Don Pablo Alberto Deramond Mundaca (PSOE)

Don Antonio Fernández Docampo (PSOE)

Don José Pinto Álvarez (A.V.)

Concelleiros que non asisten:

Dona Eva Arias Aira (PSOE), excusa a súa asistencia.

Dona María Jesusa Candal Jarrín (PP)

Don Santiago Rodríguez Fernández (PP)

Secretario:

Don Raúl Gallego Hernández

En Vilamartín de Valdeorras, sendo as 19:30 horas do día 10 de maio de 2016, no salón de actos da Casa do Concello, reúnese a corporación municipal a fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Alcalde D. Enrique Álvarez Barreiro, coa asistencia dos concelleiros relacionados ó marxe.

Da fe do acto o Secretario-Interventor do Concello D. Raúl Gallego Hernández.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, trala comprobación polo Secretario do quórum de asistencia necesario para que poida ser iniciada, procédese á deliberación dos asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DISOLUCIÓN DO CONSORCIO COMARCAL CONTRA INCENDIOS DA COMARCA DE VALDEORRAS.

O Sr. Alcalde propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

- *Visto o expediente tramitado para acordar a Disolución do Consorcio Comarcal Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras, e de conformidade co previsto no artigo 143 da Lei de Administración Local de Galicia*

- *Visto o informe de Secretaría-Intervención de 3 de maio de 2016.*



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

ACORDAMOS:

1º.- Aprobar a Disolución do Consorcio Comarcal Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras

2º.- Remitirle á Presidencia do Consorcio copia certificada do presente acordo, para a tramitación da súa publicación no DOG e a súa comunicación á Administración Xeral do Estado.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE AXUDAS IDAE RENOVACIÓN INSTALACIÓNS ALUMEADO EXTERIOR MUNICIPAL.

O Sr. Alcalde propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

Polo Sr. Alcalde, dáse conta da proposta para a aprobación polo Pleno da participación do Concello de Vilamartín de Valdeorras no Programa de Axudas para a renovación das Instalacións de Iluminación Exterior Municipal, convocada mediante Resolución do 28 de abril de 2015, do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía, así como as bases reguladoras do citado Programa de axudas convocado, e en consecuencia formular a solicitude de axudas con arranxo ao disposto nas cláusulas da convocatoria publicadas no BOE nº 107 do 5 de Maio de 2015.

Trátase dun programa de axudas do IDAE, organismo público dependente do Ministerio de Industria e Enerxía para renovar a iluminación pública exterior, por tecnoloxía LED cunha dobre finalidade: fomentar o aforro enerxético e reducir as emisións de CO2 ao medio ambiente. O programa consiste en operacións de préstamo sen intereses, sen comisións de apertura, sen garantías e por un prazo de 10 anos.

O proxecto contempla a renovación case total das instalacións da iluminación exterior do Concello de Vilamartín de Valdeorras, dos núcleos rurais e do propio núcleo de Vilamartín de Valdeorras, con excepción



C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
(32340 - OURENSE)

Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268

daquelas que foron substituídas por LED e aqueles cadros onde se fixo xa investimento con novas luminarias e sistemas de regulación, e por tanto xa se están xerando aforros. O realizar aquí o investimento non pode xustificarse por motivos de retorno económico.

A proposta de mellora consiste principalmente na substitución das actuais luminarias por outras luminarias de menor potencia pero con maior rendemento e menor emisión cara ao hemisferio superior a través da incorporación de luminarias LED.

Proponse acollerse a esta liña de axudas por valor de 424.495 euros IVE incluído, para substituír por LED 1.063 puntos de luz.

Con esta actuación conseguiríase un aforro anual de 344.573 kWh o que supón unha redución dun 58%, que se traduce en 39.626 euros menos na factura anual da electricidade. Se se ten en conta o aforro nos custos de mantemento, ao tratarse de novas instalacións con mínima reposición pola súa longa vida estimada superior a 50.000 horas, o aforro pode chegar a alcanzar os 52.051 euros (-73%). O investimento amortizaríase en menos de 10 anos que é a duración do préstamo.

PARA SOMETER AO PLENO PARA A SÚA APROBACIÓN

Á vista da Resolución do 28 de abril de 2015, do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía, pola que se publica no BOE nº 107 do 5 de maio de 2015, a Resolución do 24 de marzo de 2015, do Consello de Administración, pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas para a renovación das instalacións de iluminación exterior municipal.

Vista a Memoria redactada polos Servizos Técnicos Municipais, para substitución de 1.063 puntos de luz do municipio, adaptándoos a tecnoloxía LED e actuación mediante medidas de aforro enerxético, coa seguinte valoración económica:

- Importe do préstamo: 424.495 €
- Puntos de luz da actuación: 1.063
- Aforro estimado en kWh: 344.573 (58%)
- Aforro anual estimado factura eléctrica en euros: 39.626 €
- Aforro anual estimado incluído o mantemento de instalacións actuais, considerando renovación de lámparas e elementos auxiliares (12 €/punto luz): 52.051 €



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

Visto o informe técnico emitido para o efecto, e considerando que a rendibilidade da actuación estaría garantida, a condición de que o prazo de garantía das luminarias sexa superior aos prazos de amortización.

Por todo o exposto, **ACORDAMOS:**

1º.- A Memoria descritiva para a renovación do sistema de iluminación pública do Concello de Vilamartín de Valdeorras, redactada polos Servizos Técnicos Municipais.

2º.- A participación no programa de axudas e aceptar as súas bases reguladoras.

3º.- Concertar a operación de préstamo reembolsable da axuda solicitada e a súa contía.

4º.- Considerar ao IDAE como acreedor preferente, por razón da devandita operación de préstamo, polo que os pagos correspondentes á amortización do principal mesmo, intereses de demora ou eventuais penalizacións, gozarán de lugar preferente na orde de prelación de pagos, tras os gastos de persoal, no plan de disposición de fondos de tesourería da entidade solicitante, durante o período de vixencia do correspondente contrato de préstamo.

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- Aprobación, se procede, do Convenio de Cooperación entre o INORDE e os Concellos de de O Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Petín, A Pobra de Trives, A Rúa, Rubiá, San Xoán de Río, A Veiga e Valamartín de Valdeorras do Xeodestino Manzaneda-Trevinca, para executar a primeira fase do Plan Director do Xeodestino nº 12 Manzaneda-Trevinca..

O Sr. Alcalde propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta de acordo:

“- Visto o Convenio de Cooperación entre o INORDE e os Concellos de O Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Petín, A Pobra de Trives, A Rúa, Rubiá,



**C O N C E L L O
DE
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS**

(32340 - OURENSE)

**Avda. da Constitución nº 8
Tf. 988300001
Fax 988300268**

San Xoán de Río, A Veiga e Valamartín de Valdeorras do Xeodestino Manzaneda-Trevinca, para executar a primeira fase do Plan Director do Xeodestino nº 12 Manzaneda-Trevinca

- Visto o evidente interese municipal na sinatura e aprobación do devandito convenio de cooperación.
- Visto o informe de Secretaría-Intervención de 3 de maio de 2.016.
- Vistas as competencias desta Pleno segundo o disposto na Lei 7/85 e demais normativa aplicabl,

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Aproba-la subscrición do Convenio de Cooperación entre o INORDE e os Concellos de O Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Petín, A Pobra de Trives, A Rúa, Rubiá, San Xoán de Río, A Veiga e Valamartín de Valdeorras do Xeodestino Manzaneda-Trevinca, para executar a primeira fase do Plan Director do Xeodestino nº 12 Manzaneda-Trevinca.

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do devandito Convenio e a realización de cantos actos sexan precisos para a plasmación efectiva do presente Acordo."

Pasada á votación, a proposta é aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Seguidamente, ó non haber máis asuntos a tratar, D. Enrique Alvarez Barreiro, Alcalde-Presidente, dá por rematada a sesión ás 19:40 horas, do que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO-INTERVENTOR

Asdo.: Enrique Alvarez Barreiro

Asdo.: Raúl Gallego Hernández